Dende o Departamento de Servizos socioculturais e a comunidade do CIFP Anxel Casal, en relación á oferta de FP recibida para o vindeiro curso, informamos do seguinte:

1. **Dende o Departamento enviouse unha comunicación á Dirección xeral de Formación Profesional o mércores día 21 de xuño sobre o noso posicionamento respecto á oferta formativa para o curso 23-24**

"O Departamento de Servizos Socioculturais e a Comunidade do CIFP Anxel Casal - Montealto, A Coruña, en relación á proposta final de oferta de FP para o curso 2023-2024, na que no noso centro non se contemplan tres ciclos ofertados este curso en réxime de persoas adultas presencial, todos eles da familia de Servizos socioculturais e a comunidade (Integración social, Educación infantil e Mediación comunicativa), e en reunión mantida o día 16 de xuño de 2023, consideramos que:

λ A oferta de persoas adultas presencial é unha oferta que valoramos como irremplazable, xa que atende a un perfil de alumnado e cubre unhas necesidades que non pode satisfacer o ensino a distancia (alumnado que se reincorpora ao ensino regrado despois de ausencia prolongada, alumnado mozo que non conseguiu a súa praza no réxime ordinario, ambos con necesidade de acompañamento e titorización presencial mantendo as ratios establecidas para esta modalidade).

λ Dita oferta non é proporcional ás necesidades que amosa o noso alumnado. A modalidade de ensino a distancia é unha oferta de valor para alumnado cunhas características determinadas (aquel que ten unha alta autonomía na organización do estudo, boa competencia dixital...) pero éste non é o perfil maioritario do noso alumnado.

λ As características propias dos ciclos da familia profesional de Servizos Socioculturais e a Comunidade precisan, para o cumprimento do currículo, de diversas actividades que son parte da dinámica de traballo diario nos ciclos presenciais (traballo en equipo, exposicións, dinamizacións, simulacións, socialización en grupo, e organización e desenvolvemento de actividades na comunidade…).

λ As consecuencias deste cambio na oferta son moi negativas para o centro:

- Alumnado matriculado na modalidade de persoas adultas presencial que se verá obrigado a cambiar á modalidade de distancia antes de rematar, ou no seu defecto a buscar unha alternativa no ensino privado.
- Alumnado que abandone os estudos por non axustarse esta modalidade as súas necesidades.
- Alumnado que non reciba o acompañamento educativo que precise, especialmente delicada sería a situación de alumnas e alumnos con necesidades vinculadas a súa diversidade e a súa saúde mental.

Por todo isto o Departamento de Servizos Socioculturais e a Comunidade quere manifestar un absoluto rexeitamento á proposta de oferta de Formación profesional recibida no centro."

**2. Onte fixemos unha parada diante do centro para manifestar novamente o noso rexeitamento á oferta de FP. Enviamos unha das imaxes.**

**3. Recollimos sinaturas do persoal docente e non docente, como apoio á posición do departamento sobre o rexeitamento á oferta recibida no noso centro.**


FORMACIÓN PROFESIONAL PÚBLICA e de CALIDADE
NON á ELIMINACIÓN Dos CICLOS PRESENCIAIS no CIFP ANXEL CASAL-MONTE ALTO
Queremos unha Formación Profesional PÚBLICA e de CALIDADE